




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA TERRITORIAL  
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA  
Dirección Xeral de Obras Públicas  
Subdirección Xeral de Estradas

Edificio Administrativo San Caetano s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tel.: 981-545400



**Galicia**  
camiños de  
concordia

Ref.: RL-cc

**SUBDIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS**  
**A/A.: ENRIQUE PARDO LANDROVE**

**ASUNTO:** CIRCULAR ÓS DIRECTORES DE OBRA SOBRE AS MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIIS

A Resolución da Consellería do Medio Rural de 12 de Agosto de 2005 (Anexo nº1), pola que se modifican as medidas para a prevención de incendios forestais establecidas pola Resolución do 27 de xaneiro de 2005 (Anexo nº2), relaciona, no seu apartado 4, as medidas a tomar en épocas de máximo perigo (que en Galicia comprende dende o 15 de xullo ata o 30 de setembro) e en concreto no seu parágrafo 5 prohíbe a utilización, nos montes e nas áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros arredados daqueles, de maquinaria non forestal ou agrícola con ferramentas que poidan producir chispas ou soldaduras de calquera tipo, salvo autorización expresa da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, que se outorgará unha vez estudiada a memoria explicativa dos traballos e as medidas previstas de prevención e extinción de incendios.

Polo que, conforme a esto, prégolle remita ós adxudicatarios das obras da súa competencia, a obriga de solicitar a pertinente autorización á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais cando calquera actividade (soldaduras, ripaxe, voaduras. .), sexa susceptible de producir chispas ó traballar en zonas rurais a 400 metros de zonas de montes.

Tamén debe darse copia desta circular ós Coordinadores de Seguridade e Saude para que entre as súas obrigas teñan a vixiancia do cumprimento desta disposición.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2005  
**O DIRECTOR XERAL DE OBRAS PÚBLICAS**

Asdo.: Manuel Morato Miguel.

Rebido: N9105